

Resolución do 23 de maio de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 2024-2025 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle os obxectivos formulados pola Unión Europea para que as linguas sexan un medio para a construción da cidadanía europea, co fin de favorecer a mobilidade entre as persoas e o intercambio cultural e lingüístico.

O artigo 121 da Lei orgánica 2/2006 indica que lles corresponde ás administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan as necesidades dos alumnos e das alumnas, e do profesorado.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, no seu título IX regula o coñecemento das linguas estranxeiras e a internacionalización do Sistema de formación profesional. Especialmente, incorpora o plurilingüismo na formación profesional, así como a formación en linguas estranxeiras da poboación activa, vinculada aos sectores produtivos.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no artigo 16 establece que a consellería con competencias en materia de educación poderá determinar que certos módulos profesionais dos ciclos formativos se poidan impartir nunha lingua estranxeira. Estes módulos serán impartidos polo profesorado con atribución docente neles e que, ademais, posúa a habilitación lingüística correspondente ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas. Así mesmo, na alínea 4 do mesmo artigo indica que a consellería con competencias en materia de educación promoverá accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional para favorecer a súa inserción laboral e a competitividade dos sectores produtivos.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das linguas na oferta educativa do sistema galego non universitario. Así mesmo, no seu artigo 21 establece que a Administración educativa fomentará a impartición de materias en linguas estranxeiras, co obxectivo de que, de maneira progresiva e voluntaria, os centros educativos poidan chegar a ofrecer ata un máximo dun terzo do seu horario lectivo semanal en linguas estranxeiras.

O modelo de ensino plurilingüe impulsado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ao abeiro da Estratexia galega de linguas estranxeiras 2030 (EDUlingüe) ten como finalidade potenciar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros.

O Plan de recuperación, transformación e resiliencia da economía española inclúe no Compoñente 20, o Plan estratéxico de impulso da formación profesional, que establece como reto a transformación de cursos de especialización e ciclos formativos de grao medio e de grao superior en ciclos de oferta plurilingüe. Esta actuación poderá ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, e pola Unión Europea - NextGenerationEU.

A implantación no curso académico 2024-2025 da ordenación académica derivada da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, leva implícita a



inclusión no currículo de todos os ciclos formativos de módulos específicos de lingua estranxeira, o que modifica as condicións que se viñan esixindo en cursos anteriores.

Cómpre, por tanto, ditar as instrucións para a implantación e o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional plurilingües e, na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O obxecto desta resolución é regular o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional plurilingües no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como establecer a convocatoria dirixida aos centros que desexen impartir estas ensinanzas para o curso 2024-2025.
2. Será de aplicación nos centros docentes do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan cursos de especialización ou ciclos formativos do sistema educativo.

Segundo. *Finalidade das ensinanzas de formación profesional plurilingües*

As ensinanzas de formación profesional plurilingües teñen como finalidade promover accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional do sistema educativo de Galicia, en concreto:

- a) Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita en linguas estranxeiras, para facilitar o seu desempeño laboral no espazo europeo, tal como se recolle no artigo 22 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- b) Dar resposta ás necesidades de formación en competencias lingüísticas expostas polas empresas ou institucións que participan nos proxectos de formación profesional dual de Galicia.

Terceiro. *Obxectivos das ensinanzas de formación profesional plurilingües*

As ensinanzas de formación profesional plurilingües favorecerán no alumnado o desenvolvemento de:

- a) Habilidades de comunicación oral e escrita, tanto nas dúas linguas cooficiais como nas linguas estranxeiras presentes nos ciclos formativos e nos cursos de especialización.
- b) Destrezas de comunicación específicas do sector profesional ou do ámbito produtivo en que se estea a formar o alumnado.

Cuarto. *Ordenación das ensinanzas da formación profesional plurilingües*

1. Terán carácter plurilingüe para o curso 2024-2025 os ciclos formativos de grao básico, grao medio e de grao superior de oferta completa (réxime ordinario) sempre que se impartan en lingua estranxeira, polo menos, dous módulos profesionais non lingüísticos.



2. Terán carácter plurilingüe para o curso 2024-2025 os cursos de especialización sempre que se imparta en lingua estranxeira, polo menos, un módulo profesional non lingüístico.
3. Os módulos que se impartan noutra lingua estranxeira seguirán a duración, a temporalización e o currículo establecidos na súa normativa reguladora.
4. Co fin de garantir que a ensinanza plurilingüe se imparta nos dous cursos académicos dos ciclos formativos de forma continuada, escolleranse preferiblemente módulos profesionais de ambos os cursos.
5. O centro informará o alumnado do carácter plurilingüe destas ensinanzas de formación profesional no proceso de acceso e admisión a elas.
6. A avaliación, a promoción e a titulación do alumnado incorporado a unha ensinanza de formación profesional plurilingüe rexeranse polas normas establecidas con carácter xeral para estas ensinanzas.

Quinto. *Requisitos dos centros para desenvolver as ensinanzas de formación profesional plurilingües*

Para poderen impartir as ensinanzas de formación profesional plurilingües, os centros educativos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Dispor de profesorado cualificado para impartir os módulos en lingua estranxeira.
- b) Colaborar no desenvolvemento dos procesos de avaliación do alumnado que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional organice, facilitando a participación do alumnado nas probas de certificación en linguas estranxeiras.

Ademais, no caso dos ciclos formativos plurilingües os centros comprometeranse a desenvolver os mencionados ciclos cando menos durante dous cursos académicos, de tal xeito que o alumnado que se incorpore no primeiro curso poida completar os dous cursos do ciclo formativo.

Sexto. *Requisitos que deberá cumprir o profesorado*

O profesorado que asuma a docencia dos módulos profesionais en idioma estranxeiro deberá contar con algún dos certificados que demostren a competencia lingüística correspondente ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Sétimo. *Profesorado coordinador das ensinanzas de formación profesional plurilingües*

1. A dirección do centro nomeará unha persoa como coordinadora das ensinanzas de formación profesional plurilingües, por un período dun curso académico, entre o profesorado que posúa destino definitivo no centro e que imparta os módulos profesionais en lingua estranxeira nas ensinanzas de formación profesional plurilingües ou formación de idioma estranxeiro nas ensinanzas de formación profesional.
2. Son funcións do/da profesor/a coordinador/a:
 - a) Xestionar as convocatorias de seguimento e de coordinación co profesorado que imparta os



módulos aos que se fai referencia na disposición cuarta desta resolución, e redactar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados.

- b) Coordinarse coa persoa responsable do equipo de dinamización lingüística do centro.
 - c) Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación, a través da dirección do centro.
 - d) Orientar o labor das persoas nativas nos idiomas estranxeiros dándolles a coñecer as particularidades curriculares e as competencias propias dos perfís profesionais das ensinanzas plurilingües nas que vaia colaborar.
 - e) Elaborar a memoria de fin de curso.
 - f) Promover a colaboración entre os centros que formen parte da Rede de centros con ensinanzas de formación profesional plurilingües e da Rede de centros plurilingües, e con todas as persoas e os organismos que puidesen ofrecer colaboración.
 - g) Impulsar e coordinar a realización das estadias formativas para o profesorado e o alumnado participante nas ensinanzas de formación profesional plurilingües.
3. O/a coordinador/a do programa contará coa redución dun período lectivo no seu horario e, nos centros integrados de formación profesional, coa dedicación horaria estimada pola dirección do centro educativo, o que en ningún caso suporá un aumento no cadro de persoal do centro.

Oitavo. *Compromisos que deberá asumir o profesorado*

O profesorado que imparta módulos profesionais en lingua estranxeira ou formación de idioma estranxeiro nas ensinanzas de formación profesional plurilingües quedará comprometido a:

- a) Participar, polo menos unha vez ao mes, nunha sesión de seguimento e coordinación convocada polo/a coordinador/a do programa das ensinanzas de formación profesional plurilingües.
- b) Colaborar na elaboración da memoria final anual.
- c) Participar nas actividades de formación e de coordinación entre centros que programe a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional relacionadas co plurilingüismo.

Noveno. *Apoio por parte da Administración educativa*

- 1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, nos centros da súa dependencia, asegurará que as vacantes que se produzan nos módulos vinculados ás ensinanzas de formación profesional plurilingües se cubran con profesorado coa debida competencia lingüística. Estableceranse os criterios selectivos necesarios para que as posibles substitucións temporais do profesorado participante no programa se realicen por aquel que posúa a debida competencia lingüística no idioma estranxeiro correspondente.
- 2. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional impulsará, dentro do seu Plan de formación, actividades específicas para o profesorado de ensinanzas de formación



profesional plurilingües e facilitará a dispoñibilidade de recursos didácticos.

3. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través de distintas convocatorias, artellará os mecanismos para que os centros con ensinanzas de formación profesional plurilingües contén con persoas nativas nos idiomas estranxeiros das ensinanzas de formación profesional para o apoio ao alumnado e ao profesorado, para mellorar o desenvolvemento do programa.
4. O centro educativo expedirá a certificación de módulos profesionais para o alumnado que participou no programa. Nesta certificación constarán os idiomas estranxeiros nos que se impartiran os módulos.

Décimo. *Certificación de participación*

O profesorado que participe neste programa de innovación educativa recibirá un certificado acreditativo ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación do profesorado para aquel que imparta módulos profesionais en lingua estranxeira, e cunha equivalencia de 20 horas de formación do profesorado para o/a coordinador/a.

Décimo primeiro. *Documentación*

Os centros docentes realizarán a solicitude no modelo que se xunta como anexo I desta resolución, ao que engadirán o proxecto de desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional plurilingües, coa concreción para o primeiro curso dos ciclos formativos e cursos de especialización (ano académico 2024-2025), e tamén, só no caso dos ciclos formativos, a planificación para o segundo curso (ano académico 2025-2026), e incluirán:

- a) Xustificación e obxectivos.
- b) Relación da formación que se vai impartir en lingua estranxeira, detallando o código e a denominación dos módulos profesionais en idioma estranxeiro .
- c) Información relativa á experiencia en plans e/ou programas relacionados coas linguas estranxeiras nos que participou o centro.
- d) Relación do profesorado que vai impartir docencia. De ser o caso, nos centros públicos, acreditación de que se realizou a solicitude de prazas vacantes de persoal docente coa debida competencia lingüística.
- e) Indicación da persoa coordinadora das ensinanzas de formación profesional plurilingües.

O proxecto virá asinado polo/a director/a do centro educativo e, no caso dos centros privados, pola persoa que exerza a súa titularidade.

Décimo segundo. *Forma e prazo de presentación*

Cada centro deberá enviar unha única solicitude segundo o anexo, asinada polo/a director/a do centro público ou a persoa titular do centro privado, dirixida á directora xeral de Formación



Profesional.

Xunto coa solicitude deberase presentar a documentación indicada no punto anterior.

As solicitudes segundo o documento anexo poderanse presentar en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico sfp@edu.xunta.gal, segundo os prazos establecidos.

Logo de recibida a solicitude de participación nas ensinanzas de formación profesional plurilingües, a Dirección Xeral de Formación Profesional poderá solicitar o informe pertinente á Inspección Educativa.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da presente resolución nas páxinas web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional www.edu.xunta.gal e www.edu.xunta.gal/fp, e rematará o día 28 de xuño de 2024.

Décimo terceiro. *Resolución*

A directora xeral de Formación Profesional ditará unha resolución que conterá a relación de centros e ensinanzas de formación profesional autorizados para impartir ciclos formativos e cursos de especialización plurilingües, nas páxinas web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional www.edu.xunta.gal e www.edu.xunta.gal/fp, e no Diario Oficial de Galicia, no prazo máximo de cinco meses, contados desde o remate do prazo de solicitude. Transcorrido este prazo sen que se publique a resolución, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes.

Contra esta resolución poderase interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarto. *Seguimento e avaliación*

1. Os centros que implanten as ensinanzas de formación profesional plurilingües establecerán na súa programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación do programa que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que deberán reflectirse na memoria final de cada curso.

A memoria, que se acha no apartado "Centros Plurilingües" da aplicación web [ProgramasEducativos](https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/) (<https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>), deberá ser cuberta. No punto "Propostas de mellora" deberán incluírse, se procede, as variacións respecto ao proxecto inicial nos módulos impartidos, no profesorado ou noutros aspectos salientables, coas súas correspondentes xustificacións.

2. Correspóndelle á Inspección Educativa supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento



do programa, prestándolle especial atención á práctica docente, así como a proposta de medidas de mellora.

Ao remate de cada etapa educativa, co fin de verificar o grao de dominio da lingua estranxeira, o alumnado do programa plurilingüe poderá participar no procedemento de avaliación que determine a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Décimo quinto. *Información básica sobre protección de datos de carácter persoal*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e a resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de xeito integral á información relativa a unha materia.

Co fin de lle dar a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explica na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso as relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos ou á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición adicional primeira. *Ensinanzas formativas na modalidade de FP dual.*

Con carácter xeral, os ciclos formativos que se inicien no curso 2024-2025 na modalidade de FP dual en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional incluirán a formación necesaria para teren a consideración de plurilingües.

A estes centros e a estas ensinanzas seralles de aplicación o indicado nesta resolución, salvo o punto



cuarto e os aspectos relativos á solicitude, puntos décimo primeiro, décimo segundo e décimo terceiro.

Disposición adicional segunda. *Materiais didácticos de apoio*

Coa finalidade de facilitar a implantación das ensinanzas de formación profesional plurilingües, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional facilitará os materiais didácticos dos módulos das ensinanzas de formación profesional plurilingües que estean xa traducidos aos diferentes idiomas.

Estes materiais estarán dispoñibles no [Banco de recursos de FP](https://www.edu.xunta.gal/centros/bancorecursosfp/aulavirtual/course/view.php?id=6)
(<https://www.edu.xunta.gal/centros/bancorecursosfp/aulavirtual/course/view.php?id=6>).

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela

María Eugenia Pérez Fernández

Directora xeral de Formación Profesional



Anexo I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PARTICIPACIÓN NAS ENSEÑANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PLURILINGÜES	SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO	
CÓDIGO	NOME

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	
TIPO DE VÍA	NOME DE VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CONDICIÓN DE				

RELACIÓN DE ENSEÑANZAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL E DE MÓDULOS QUE SE IMPARTIRÁN EN IDIOMA ESTRANXEIRO					
Código do ciclo / Curso de especialización	Ciclo / Curso de especialización	Código do módulo	Módulo	Curso	Idioma de impartición

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> Proxecto de desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional plurilingües coa concreción para o primeiro curso dos ciclos formativos e cursos de especialización (curso 2024-2025) e, só no caso dos ciclos formativos, a planificación para o segundo curso (curso 2025-2026).



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe a solicitude, o escrito ou a comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e a resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e nos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais
Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso as relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 23 de maio de 2024 da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional plurilingües para o curso 2024-2025 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data					
		,		de	
				de	2024

Directora xeral de Formación Profesional
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Edificio Administrativo San Caetano
15781 – Santiago de Compostela

